

Recurso nº 139/2019**Resolución nº 132/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 6 de xuño de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS contra a adxudicación dun contrato de seguro de bens (continente e contido) da Deputación Provincial da Coruña, expediente PCO001201900028, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Deputación Provincial da Coruña convocouse a licitación dun contrato de seguro de bens (continente e contido) da Deputación Provincial da Coruña, expediente PCO001201900028, cun valor estimado declarado de 219.024 euros.

Segundo.- O 24.05.2019 GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin.

Terceiro.- Recibido o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adelante, LCSP), trasladouse o recurso aos interesados, recibíndose as alegacións de CASER S.A.

Cuarto.- O 29.05.2019 acordouse o mantemento da suspensión automática do artigo 53 LCSP.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme aos artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- Sendo a GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS a outra licitadora concorrente a este procedemento de adxudicación, o recorrente ten lexitimación. Fronte ao referido no informe do órgano de contratación, no escrito do texto do recurso existen dúas sinaturas polo que non existe óbice impeditivo na representación para interpoñer o recurso.

Cuarto.- Publicado o acordo de adxudicación o 09.05.2019 e notificado o mesmo día, o recurso foi interposto en prazo.

Quinto.- Ao impugnarse o acordo de adxudicación nun contrato de valor estimado superior a 100.000 €, o recurso é admisible.

Sexto.- A cuestión que suscita o recorrente é:

“Una vez revisada la oferta económica del licitador CASER,, se constata que la misma adolece de un grave error por cuanto no cumple con la información requerida en el pliego de la convocatoria al no haber asignado la prima a cinco situaciones de riesgo: LOCAL AAVV "LA UNIÓN STA. MARÍA VILLESTRO" SANTIAGO, LOCAL AAVV "BARRIO ROCHA VIEJA" SANTIAGO, LOCAL AAVV "NTRA. SRA. BELÉN STA.CRISTINA FECHA" SANTIAGO, LOCAL AA W "SAN PAIO DE SABUGUEIRA" SANTIAGO, LOCAL AA W "AS BRAÑAS. ANDRÉS COMPOSTELA PELAMIOS"

SANTIAGO· (Anexoll Documento
DOC20190426150806Resumen+ofertas+SOBRES+C_perfil+f, ver página 12 y 13 del
citado documento adjunto).

Por otra parte, tras la resolución publicada en el perfil con la propuesta de adjudicación el día 9 de mayo, observamos que la oferta económica de CASER ya no aparece en las mismos términos que cuando se publicó el resumen de ofertas, apareciendo corregida, cuantificándose la prima para esas cinco situaciones de riesgo que inicialmente se habían quedado sin cuantificar (Anexo III .ver página 2 del documento DOC20190509140557PCO001201900028+RP+adjudicación).

Lo cual parece indicar que se ha solicitado a CASER subsanación para incluir en su oferta económica aquellos aspectos que no aparecían reflejados en la oferta presentada.”

Considera que de existir esa emenda a mesma sería contraria a dereito por afectar a aspectos substanciais da oferta, como é o prezo.

O primeiro que aprecia ao respecto este TACGal é que neste procedemento non houbo esa emenda a CASER.

Xunto que non existe entón a base da alegación do recorrente, o cal xa é un óbice para o acollemento da súa tese en base ao principio de congruencia, en todo caso, podemos apreciar que non existiu, na oferta da adxudicataria, omisión de información respecto deses locais AAVV citados polo recurso, en base á realidade das explicacións subministradas polo órgano de contratación.

Así, na páxina 6 e 7 da oferta económica de CASER obsérvase que para eses locais AAVV oferta 824,22 €, sendo evidente que aínda que a cifra aparece nos primeiros dos locais do cadro (seguindo en realidade o plasmado no modelo dos pregos, como agora referiremos) tal oferta englobaba tamén ao resto deses locais AAVV que seguen no mencionado cadro a continuación. Non entendelo así, e considerar que, en realidade, non esta a ofrecer cifra para estoutros locais sería dun formalismo contrario aos principios da contratación. De feito, ratifica a anterior consideración que tal empresa usara precisamente o mesmo formato previsto nas páxinas 43 e 44 do prego, onde no modelo recollido para que se plasmaran estes datos tamén se entendía que a cifra de arriba englobaba aos locais AAVV que seguían despois.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** o recurso interposto por GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS contra a adxudicación dun contrato de seguro de bens (continente e contido) da Deputación Provincial da Coruña, expediente PCO001201900028.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.